

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AOS GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DA ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE O DESEMPEÑO DA LABOR DE REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PROTOCOLO DO CONCELLO DE LUGO, SEGUNDO DECRETO DE ORGANIZACIÓN NÚMERO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL DE 2024.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 39-2024, por un importe total de 65.925,07 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura aos gastos derivados do desenvolvemento das funcións da Área de Alcaldía e planificación de cidade o desempeño da labor de representación institucional e protocolo do Concello de Lugo, segundo decreto de organización número 4036/2024, do 30 de abril de 2024.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1191/2024, do 14.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 55153/2024, por importe de 8.141,25 €; Ref.: 55154/2024, por importe de 3.953,92 €; Ref.: 55155/2024, por importe de 5.688,32 €; Ref.: 55156/2024 por importe de 6.905,02 €; Ref.: 55157/2024 por importe de 3.349,52 €; Ref.: 55158/2024 por importe de 4.887,04 €; Ref.: 55360/2024 por importe de 33.000,00 €, do 14.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, na providencia que inicia o expediente dise que se debe considerar que corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, e co mesmo responsable da área xestora, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, polo que se estima admisible neste caso concreto.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de

Intervención

LVP/lrb

Refª: ispac1766734489245417364.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 39-2024 Protocolo

execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 65.925,07 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
91200.12003	8.141,25	91201.22699	8.141,25 €
91200.12100	3.953,92	"	3.953,92 €
91200.12101	5.688,32	"	5.688,32 €
91200.12004	6.905,02	"	6.905,02 €
91200.12100	3.349,52	"	3.349,52 €
91200.12101	4.887,04	"	4.887,04 €
91201.11000	33.000,00	"	33.000,00 €
	TOTAL		65.925,07 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.